

LOGO E NOME DA CATEDRA

CÁTEDRA VALLE-INCLÁN USC



ACTIVIDADES 2015 e PROGRAMACION 2016

DIRECTOR/A: MARGARITA SANTOS ZAS

Co-DIRECTOR/A

ENLACE A PAXINA WEB:

Web: <http://www.usc.es/es/catedral/valle-inclan/index.html>

Portal Virtual: <http://www.cervantesvirtual.com/portal/catedravalleinclan/>

CONTIDOS:

1. Datos xerais
2. Actividades realizadas
4. Planificación de actividades
5. ANEXOS
 - a. Anexo 2: Dossier de prensa

Data presentación: 11 febreiro 2016

Data aprobación: 10 marzo 2016

1. Datos xerais

ORIXE, CARACTERÍSTICAS E RESUMO DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLA CÁTEDRA

VALLE-INCLÁN:

Enlaces: <http://www.usc.es/es/catedras/valle-inclan/>

<http://www.cervantesvirtual.com/bib/portal/catedravalleinclan/>

Outros enlaces:

<http://manuspanicos.hypotheses.org/>

<http://www.museocuadrante.com/>

http://www.amigosdevalle.com/numero_0.html

<http://www.elpasajero.com/>

<http://manuspanicos.hypotheses.org/>

<http://www.tei-c.org/index.xml>

<http://www.fundacionjorgeguillen.com/>

A **Cátedra Valle-Inclán da USC** creouse o 20 de marzo de 2002 por medio dun Convenio de Cooperación asinado entre a USC e o Concello da cidade, e aprobouse en Xunta de Goberno do 23 de abril de 2002. co obxecto de proporcionar un marco de integración e apoio á tarefa de investigación, actividades e proxectos que desde o 1992 ven desenvolvendo o Grupo de Investigación Valle-Inclán da USC (en adiante, GIVIUS/GI-1378)). Desempeña a dirección da Cátedra Valle-Inclán desde a súa creación Margarita Santos Zas (nomeada o 24/04/2002), sendo a súa Secretaria técnica na actualidade Francisca Martínez Rodríguez, ao igual que o foron anteriormente Pilar Veiga, Rosario Mascato e Sandra Domínguez, todas integrantes do GIVIUS.

A **Cátedra Valle-Inclán** desenvolve as súas propias iniciativas e actividades, (financiadas no marco do 'Programa Universidades' do Grupo Santander), que amplían e completan as propiciadas polo GIVIUS, se ben conflúen no común propósito de promover a figura e obra de Ramón del Valle-Inclán, e potenciar os estudos valleinclanianos e dálos a coñecer á comunidade científica.

A tal fin creouse, por unha parte, unha actividade de carácter formativo: o «Seminario Permanente Valle-Inclán», que non significa sen interrupción, se non con continuidade, cunha cadencia flexible de impartición de seminarios dun máximo de 6 horas de duración, distribuídas en dúas tardes, que ao longo do ano académico (2/3 por ano) proporcionen aos seus participantes a oportunidade de debater e traballar con recoñecidos valleinclanistas ou especialistas en metodoloxías editoriais, problemas e cuestións relativas á obra de Valle-Inclán (ver infra a relación completa de Seminarios).

Por outra, un dos obxectivos da Cátedra foi crear unha colección co selo propio, a **BIBLIOTECA DA CÁTEDRA VALLE-INCLÁN** no marco do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC, cuxa directora é Margarita Santos Zas. A finalidade desta Biblioteca é servir

de canle á divulgación universitaria da investigación en torno á figura e obra do escritor, con dúas liñas básicas editoriais: 1ª Edicións (facsimilares, críticas, etc.) 2ª Monografías ou colectáneas que, con diversas metodoloxías e enfoques críticos, teñen como eixo a figura e obra do escritor, así como o seu contexto histórico-cultural.

A *Cátedra* dispuxo desde a súa creación dunha colaboradora, en funcións de secretaria técnica, imprescindible para o desenvolvemento das súas actividades, que ten ao seu cargo tarefas de carácter organizativo e difusión, contacto con editoriais, recollida dos dosieres de prensa, ademais da primordial actualización da páxina web. Este traballo, que non está remunerado, ven realizándose no despacho da profª Santos Zas ou nunha sala compartida con bolseiros e contratados de proxectos, porque a *Cátedra* non ten sede, malia tela solicitado reiteradamente.

A *Cátedra* ten logotipo propio e papelería deseñada ex profeso por Signum Deseño, artífice asemade da imaxe gráfica da colección da BIBLIOTECA DA CÁTEDRA nas dúas vertentes (facsimiles e monografías).

RELACIÓN DAS ACTIVIDADES MAIS SALIENTABLES DA CÁTEDRA VALLE-INCLÁN DESDE A SUA CREACIÓN (para descripción pormenorizada de cada unha delas, ver as memorias anuais 2002-2014):

1. Cinco **CONVENIOS** asinados:

1.1.- Herdeiros Valle-Inclán Alsina/USC: acceso ao legado manuscrito de Valle-Inclán para o seu estudo e edición (11-12-2007/28-02-2008)

1.2.- Herdeiros Valle-Inclán Alsina/USC: depósito do legado manuscrito de Valle-Inclán (maio de 2009). Data do depósito na caixa forte da USC 20-11- 2009.

1.3.- Fundación Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes/USC: creación do Portal Institucional "Cátedra Valle-Inclán" (24-10-2008): <http://www.cervantesvirtual.com/bib/portal/catedravalleinclin/>.

1.4.- Jorge Devoto del Valle-Inclán /USC (21-06-2013): depósito del original del cuento "Mi bisabuelo", de Valle-Inclán, con futura cesión por parte do seu propietario.

1.5.- Consello da Cultura Galega-USC/Cátedra Valle-Inclán (xuño 2014): cesión de materiais para a exposición: *Outros verbos, novas lecturas: Valle-Inclán traducido (1906-1936)* (8 ao 30 de xullo de 2014). A exposición levouse a Lisboa e Roma (Instituto Cervantes), Pobra do Residencia de Estudiantes (Madrid), Museo Valle-Inclán (Pobra de Carmiñal) e Museo Cuadrante (vilanova de Arousa). Próximamente irá a Arxentina a Feira do Libro.

1.2. Catro **EXPOSICIÓNS**, sempre promovidas pola *Cátedra* ou en colaboración con outras institucións:

1.2.1 *Valle-Inclán dibujado. Caricaturas y retratos del escritor/Valle-Inclán debuxado. Caricaturas e retratos do escritor (1888-1936)*. Co Concello de Lugo (17-11-2008). Comisarios: Javier Serrano e Amparo de JUan.

1.2.2 *Valle-Inclán debuxado/Obra Ilustrada (Fondos da USC)*. Santiago de Compostela (22-04-2009). Comisarias: Santos Zas e Francisca Martínez.

1.2.3 *Valle-Inclán Debuxado / Obra ilustrada no Museo de Pontevedra*. Pontevedra (22-10-2009). Coa Deputación Pontevedra e o Concello de Lugo. Comisarios: os catro antes citados.

1.2.4 *Outros verbos, novas lecturas: Valle-Inclán traducido (1906-1936)*. Santiago: Consello da Cultura Galega, 2014. Comisaria Rosario Mascato, integrante do Grupo Valle-Inclán, coa colaboración de Javier serrano e Santos Zas (8-30 de xullo).

1.3. **SEMINARIOS:** dentro do Programa *Seminario Permanente* (2003-2015): 19 especialistas na obra de Valle-Inclá, ademais das conferencias inaugurais (títulos, datas concretas e duración de cada seminario, ver Memorias anuais 2003-2014). No 2011 celebrouse o Congreso Internacional "Valle-Inclán y las artes", coa participación de 26 ponentes e comunicantes. Ese foi o motivo de que nos anos 2011 e 2012 non se celebrara ningún seminario:

1.3.1. (2003) Javier Gómez Montero, Catedrático de la Universidad de Kiel (Alemania).

1.3.2. (2003) Juan Antonio Hormigón, Catedrático de Teatro de la Escuela Superior de Arte Dramático de Madrid y Secretario General de la ADE.

1.3.3. (2003) José Manuel Pereiro Otero, prof. de la Universidad de Colorado at Boulder/Austin (Texas).

1.3.4. (2004) Rodolfo Cardona, Catedrático de Literatura Española de la Universidad de Boston, y Anthony N. Zahareas, Catedrático de Literatura Española de la Universidad de Minnesota

1.3.5. (2004) César Oliva, Catedrático de Teatro de la Universidad de Murcia y Director teatral.

1.3.6. (2004) Juan Aguilera Sastre, Catedrático de I.S.Y. (Logroño). Prof. de la Universidad de La Rioja.

1.3.7. (2005) José Monleón, Director de la Revista *Primer Acto* y del Instituto Internacional de Teatro de él Mediterráneo.

1.3.8. (2006) Jesús Rubio Jiménez, Catedrático de Literatura Española de la Universidad de Zaragoza.

1.3.9. (2007) Virginia Milner Garlitz, Prof^a de Literatura Española de Plymouth State College.

1.3.10. (2007) Eliane Lavaud-Fage, Catedrática de Literatura Española de la Universidad de Bourgogne (Dijon).

1.3.11. (2008) Dru Dougherty, Catedrático de Literatura Española de la Universidad de California, Berkeley.

1.3.12. (2008) Luis González del Valle, Catedrático de Literatura Española de la Universidad de Temple (Philadelphia).

1.3.13. (2009) Elizabeth Drumm, Profesora de Literatura Española del Reed College (Portland-Oregon).

1.3.14. (2009) Javier del Valle-Inclán Alsina, Biblioteca General de la Universidad de Santiago.

1.3.15. (2009) Jean Marie Lavaud, Catedrático de Literatura Española de la Université de Bourgogne (Dijon).

1.3.16. (2010) Yolanda Arencibia Santana, Catedrática de Literatura Española de la Universidad de Las Palmas.

1.3.17. (2013) Bénédicte Vauthier, Catedrática de Literatura Española de la Universidad de Perugia.

1.3.18. (2014) Diana Gambini, Catedrática de Literatura Española de la Universidad de

Perugia.

1.3.19. (2014 e 2015) Bénédicte Vauthier, Catedrática de Literatura Española de la Universidad de Berna.

1.3.20. (2015) Elizabeth Drumm, Profesora de Literatura Española del Reed College (Portland-Oregon).

1.4. No ámbito da **difusión e promoción** dos estudos valleinclanianos:

1.4.1. **BIBLIOTECA DA CÁTEDRA VALLE-INCLÁN:** 8 títulos publicados

1. Edición facsímil do manuscrito autógrafo de Valle-Inclán, *Mi Bisabuelo*, a cargo de Jorge Devoto del Valle-Inclán, autor asemade do prólogo (2007)

É a primeira obra autógrafa de Valle-Inclán que se publicou e ata 2007 a única. A raíz do Convenio asinado con Herdeiros Valle-Inclán Alsina, o GIVIUS ten o cometido de publicar os manuscritos inéditos. Neste senso está no prelo:

Edición facsímil do manuscrito inédito: *Con el alba. El Cuaderno de Francia (1916)*. Facsimil.

Edición y estudio preliminar a cargo de Santos Zas.

2. Monografía: Virginia Milner Garlitz, *El centro del círculo: La Lámpara Maravillosa de Valle-Inclán* (2007)

3. Monografía: Amparo de Juan Bolufer y Javier Serrano Alonso, *Valle-Inclán, candidato republicano* (2007). Accesit Premio de Investigación "Valle-Inclán" (2005), Diputación Pontevedra-Concello Vilanova de Arousa.

4. Monografía: Beatriz Prego Cancelo y Carmen Pereira Pazos: Archivo «*Familia del Valle-Inclán*»: *descripción del fondo documental*, de (2008)

5-6. Monografía: Santos Zas, Francisca Martínez, Carmen Vilchez, Catalina Míguez Vilas, Cristina Villarmea, Sandra Domínguez Carreiro y Rosario Mascato Rey: *Todo Valle-Inclán en Roma (1933-1936). Edición, anotación, índices e facsímiles* (2010). Premio de Investigación "Valle-Inclán" 2008. Diputación Pontevedra-Concello de Vilanova de Arousa. Vol. doble.

7. Monografía: Dru Dougherty: *Iconos de la tiranía: la recepción crítica de Tirano Banderas* (2011).

8. Colectánea: Santos Zas, Serrano Alonso y De Juan Bolufer (eds.) *Valle-Inclán y las artes*. (2012). Colectánea que reúne 25 traballos, resultado do Congreso do mesmo título (25- 28 de outubro de 2011).

1.4.2. **ANUARIO VALLE-INCLÁN (2001-2015)** / Issue 3 de *Anales de la Literatura Española Contemporánea* (Society of Spanish and Spanish American Studies. Temple University-Philadelphia e USC). Cunha tirada de 1000 exemplares, está indexada en *Arts and Humanities Citation Index (A)*; *MLA. International Bibliography*; *SCOPUS (A)* e en todas as bases SCI e SSCI. Dir. Santos Zas e Luis Gonzalez del Valle. Coa colaboración do GIVIUS (14 vols).

1.5. PREMIOS:

1.5.1. Dous premios "Valle-Inclán" nas convocatorias 2005 e 2008. Diputación Pontevedra-Concello Vilanova de Arousa.

1.5.2. Dous Accesit Premio de Investigación “Valle-Inclán”, 2005 e 2007 da Diputación Pontevedra-Concello Vilanova de Arousa.

1.5.3. Medalla ADE 2006 ao *Anuario Valle-inclán/ Anales de la Literatura Española Contemporánea* (Temple University / USC)

1.5.4. Premio Concepción Arenal (Concello Ferrol e UDC).

1.6. COLABORACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓNS:

-Todos os organismos galegos relacionados coa figura de Valle-Inclán: Museos Valle-Inclán da Pobra do Caramiñal e Vilanova de Arousa; Museo de Pontevedra, Asociación de Amigos de Valle-Inclán, Fundación Valle-Inclán.

-Fundación Granell, Fundación Barrié, Fundación Cidade da Cultura, Fundación Castro (Madrid), Consello da Cultura Galega...

1.7. DIFUSIÓN DAS ACTIVIDADES DA CÁTEDRA VALLE-INCLÁN EN MEDIOS PÚBLICOS [ver dosieres de prensa en memorias anuais da Cátedra]:

- 1) Presentación aos medios de todos os libros editados pola Biblioteca da Cátedra.
- 2) Presentación os medios do Legado Valle-Inclán Alsina (2008) e Devoto del Valle-Inclán (2013)
- 3) Entrevistas en radio e TVE (La 2) e TVGa á directora da Cátedra e a Rosario Mascato
- 4) Documentais realizados por TVE ou TVGa adicados ao autor coa participación de integrantes do Grupo (Serrano Alonso, Santos Zas).

2. Actividades realizadas

1. Publicacións:

BIBLIOTECA DA CÁTEDRA VALLE-INCLÁN: é una colección a estas alturas consolidada (9 títulos, un deles dobre, entre 2007 e 2014), con unha magnífica recepción crítica e tamén con proxección internacional. Sen embargo 2015 non se cumpriron os plans previstos mais que parcialmente:

1.1. O compromiso derivado do Convenio asinado cos Herdeiros Valle-Inclán/Alsina, implica a publicación en formato facsimilar do fondo manuscrito contido no Legado Valle-Inclán/Alsina, obxectivo prioritario da **Cátedra**.

Neste senso, en outubro de 2015 fíxose entrega á imprenta universitaria da edición do inédito *Cuaderno de Francia*, e aboáronse parcialmente os custos da mesma, concretamente os relativos ao facsímil e o maquetado deste pequeno caderno. Trátase dunha sorte de diario rigorosamente inédito, descrito na pasada memoria, que recolle as anotacións feitas polo escritor na fronte de guerra francesa, durante a súa estadía en Francia como corresponsal do xornal *El Imparcial* na I Guerra Mundial. O lector terá na súa man unha reprodución facsimilar idéntica do caderno que levaba consigo Valle-Inclán. Pero a edición contén un estudo introdutorio (119 pp.), unha edición diplomática (50 pp.) e unha transcripción anotada (65 pp.) e orientada a un público lector non especialista, que vai ilustrada cos mapas dos percorridos, ademais da bibliografía (23 pp.). A edición, na que temos posto o máximo coidado tanto no seu contido como no seu deseño e formato editorial, está concebida como un tríptico, equilibrado nas dúas partes, que leva no centro o facsímil. Unha edición de custo alto -será a edición do Centenario-, que non descarto sexa necesario completar economicamente. A súa saída do prelo está prevista para abril-maio de 2016, no marco dos actos conmemorativos do 150 aniversario de Valle-Inclán e do centenario da estadía de Valle en Francia, data na que aspiramos sexa presentada (ver dossier prensa: entrevista na *Voz de Galicia* e reseña conferencia Ateneo de Santiago, xaneiro 2016).

Non é este o único proxecto editorial previsto para 2016 como direi mais adiante. con esto quero subliñar que poden desaparecer temporalmente outras actividades, pero non se pode renunciar ás edicións facsimiles, comprometidas cos Herdeiros dos manuscritos, polo que é imprescindible garantir un orzamento consolidado e, asemade, preservar os beneficios que xera a venda de libros da colección propia.

1.2. Por razóns absolutamente alleas a nosa vontade, non se levu a cabo a publicación da monografía asinada polo prof. da USC, Anxo Abuín González (*La palabra en los ojos: el silencio en el teatro de Valle-Inclán*).

1.3. Anuario Valle-Inclán: complementariamente no ámbito editorial, debo citar o vol. XIV do *Anuario Valle-Inclán/ ALEC*, 40.3 2015 (editado pola Society of Spanish and Spanish-American Studies) 374 pp, que é un vol. homenaxe ao fundador e General Editor da revista *ALEC* desde fai 40 anos, Luis González del Valle. Neste número participaron 15 valleinclanistas de renome internacional (profs. Cardona, Zahareas, Garlitz, Drumm, Iglesias Feijoo, Hormigón, Servera Baño, César Oliva, Angel Loureiro...) e contou coa contribución de catro artigos -tres deles sobre manuscritos do Legado Valle-Inclán Alsina- realizados por integrantes do GIVIUS, que figura expresamente como colaborador da revista.

2.- Legado Valle-Inclán Alsina, que contén todo o fondo manuscrito do escritor depositado na USC (20 novembro 2009), a xestión mais importante das levadas a cabo pola Cátedra, que ademais é responsable académica da súa xestión, uso e difusión. Un arquivo excepcional e único, hoxe íntegramente dixitalizado (14.642 imáxenes), cuxos custos asumiu un proxecto de investigación do MICINN do que é beneficiario o GIVIUS, porque a Cátedra non podía asumilo. Do mesmo xeito deseñouse *ex profeso* no 2014 o arquivo dixital para manuscritos, a fin de indexar e catalogar todo o fondo citado, tarefa que non supuxo custo algún para a Cátedra, porque fíxose con cargo a outros fondos (GPC Xunta de Galicia), aínda que son tarefas que noutras circunstancias tería parcialmente asumido a **Cátedra**. O propósito final é a súa integración no

Arquivo Dixital Grupo Valle-Inclán USC, deseñado e implementado por informáticos do Laboratorio de Bases de datos da UDC, unha ferramenta de traballo idónea para nós, ao incorporar o noso inxente fondo documental (actualmente conta con 80.000 imaxes dixitais), que proxectamos poñer en aberto no 2017, e aspira a converterse nun referente público dos arquivos de autor.

3.- Seminario Permanente da Cátedra Valle-Inclán:

Seguindo un sistema que vimos utilizando nos últimos anos, coa ollada posta en manter vivo este **Seminario de** carácter formativo, aproveitamos unha circunstancia favorable (ver a memoria precedente): estadias de investigación na nosa Universidade de profesores doutros centros, cos que establecemos acordos puntuais (2013 e 2014). Cunha estratexia similar, anunciamos no 2015 dúas propostas de seminarios, resultantes das colaboracións que se estableceron coa universidade de Berna e co Reed College (Portland-Oregon), impartidos polas profesoras Bénédicte Vauthier e Elizabeth Drumm, que xa estiveran en Santiago con anterioridade grazas a proxectos de investigación sobre Valle-Inclán. Aínda que resultaba impensable seguir sufragando, como era habitual, os gastos das invitadas relativos á desprazamento, estadia en Santiago e impartición dos respectivos seminarios, brindáronse as dúas a impartilos co mínimo custo para a CÁTEDRA. 1.- No caso da profesora Bénédicte Vauthier (Catedrática de Literatura española Ins tut r panische prache und iteratur/Universität Bern), especialista en estudo e edición de manuscritos literarios contemporáneos, impartiu un Seminario "Borradores, versiones, textos. Obra. Reflexiones metodológicas sobre cuestiones editoriales", 2 de xullo (3horas). Este seminario é resposta a estadia da profª Santos Zas en Berna (decembro 2014. Ver memoria de 2014), no que participou nun seminario internacional, no que figura o seu logotipo cos doutras entidades patrocinadoras (o SNF/Swisse National Science Foundation, Embaixadas de España e Francia). Este intercambio implica a edición conxunta no 2016 dun facsimil do Legado Valle-Inclán Alsina (ver actividades programadas para 2016), para o que resulta imprescindible o fondo documental e bibliográfico do GIVIUS.

2.- O **segundo seminario** impartiuo a profª Elizabeth Drumm (Reed College/Portland-Oregon), que visitounos xa no 2009 e neste caso dispuxo dunha bolsa de investigación da súa universidade para unha estadia de tres meses na USC para traballar co GIVIUS nun porxecto en colaboración de publicación dunha monografía sobre o escritor galego, que implica o acceso aos fondos documentatis impresos do Grupo. Perante esa estadia (2 de outubro de 2015 ata 8 de xaneiro de 2016), impartiu un SEminario: "La armonía de ocntarios de Valle-Inclán a la luz de la durée bergsoniana", o 18 de decembro (4horas).

En definitiva, o establecemento de contacto con outras Universidades abre novas portas para a **Cátedra** e proporciona aos profesores visitantes a posibilidade de traballar *in situ* cos nosos fondos, propiciando tamén actividades de formación para os integrantes da Cátedra,

reciprocidade que está a dar os mellores froitos, de cara á súa internacionalización, tanto no terreo da difusión das súas actividades e resultados como da formación dos seus integrantes.

4.- Portal da “Cátedra Valle-Inclán” na Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes (BVMC) e novas plataformas de difusión

Continúa recibindo consultas de investigadores e visitas o Portal Institucional "Cátedra Valle-Inclán" (<http://www.cervantesvirtual.com/portal/catedravalleinclin/>), e segue a ser un medio de difusión do nosos fondos bibliográficos e iconográficos descritos na Memoria correspondente ao ano de inauguración do portal (2009).

Nesta mesma liña inscríbese o balance do traballo levado a cabo polo GIVIUS respecto dos manuscritos, a trascendencia que estes acadan, non só para o coñecemento da obra do escritor, senon para a USC como a súa depositaria. Neste sentido ver no dossier o artigo de Santos Zas publicado no Repositorio Internacional da USC/Minerva. Neste senso, poden verse, asemade, dous congresos que foron asemade medios de difusión do Legado: Universidad de Passau (Alemania); Universidade de Córdoba (ver dossier para os dous congresos) e Universidade de Valladolid (participaron tres integrantes do GIVIUS).

5.- Colaboración con institucións ou organismos galegos:

Segue estando en activo o convenio de colaboración, asinado co Consello da Cultura Galega (7 de xullo de 2014) para a cesión de materiais documentais e bibliográficos valleinclanianos, do Arquivo Dixital do GIVIUS. En concreto, aportamos 116 documentos (cartas, materiais de prensa e obras de Valle-Inclán traducidas antes de 1936 ao francés, inglés, búlgaro, checo, holandés, húngaro, islandés, italiano, portugués, ruso e sueco) para a exposición “Outros verbos, novas lecturas: Valle-Inclán traducido (1906-1936)”, que despois de mostrarse en antiago de Compostela, levouse a Madrid (Residencia de Estudiantes), Lisboa e Roma (Institutos Cervantes), Pobra do Caramiñal (Museo Valle-Inclan), Vilanova de Arousa (Museo Cuadrante) e neste momento, ampliada con novos paneis, estase a preparar para Feira do Libro en Bos Aires, con patrocinio da Xunta de Galicia. A Exposición, que leva o logotipo da Cátedra Valle-Inclán está comisariada por Rosario Mascato, integrante do GIVIUS.

A **Cátedra** segue a colaborar con outras entidades adicadas á figura e obra de Valle-Inclán, tal como o Museo de A Pobra do Caramiñal, a Asociación de Amigos de Valle-Inclán e a Fundación Valle-Inclán, estas dúas últimas, responsables da edición da Revista *Cuadrante*, na que membros da **Cátedra** forman parte do consello de redacción da revista arousana, coa que veñen colaborando desde a súa creación.

4. Planificación de actividades

O ano 2016 é a conmemoración do 150 aniversario do nacemento de Ramón del Valle- Inclán, que tentaremos desenvolver a partir do 28 de outubro, data na que prevemos inaugurar esta importante efeméride, cunha proposta da CÁTEDRA VALLE-INCLÁN que combina actividades con proxección cidadán, outras de carácter editorial e, por último, de investigación. En síntese o proxecto que pretende desenvolver é o seguinte, que expusen por escrito á Dona Vicerreitora, Almudena Hospido, e ao seu predecesor, responsable das cátedras, Don Roberto López, antes da primeira entrevista co Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, como direi ao referirme as xestións feitas.

O Proxecto completo é o seguinte, aínda que no seu financiamento estaría involucrada tamén a Xunta de Galicia, con xestións concretas feitas; o Consello da Cultura Galega, e a colaboración, aínda sen compromiso formal, do Museo da Pobra do Caramiñal:

1. Reunir as exposicións valleinclanianas que a USC / CÁTEDRA VALLE-INCLÁN ten organizado desde 2008. É dicir, exposicións que temos gardadas (aínda que no momento que escribo descoñezo o seu estado de conservación no almacén da USC, que revisitaré con Mercedes Rosón o mércores 17 de febreiro, onde supostamente está gardada, aínda que non hai documentación ao respecto) e polo tanto, de estar nun estado de conservación "rescatable" os seus custos serían basicamente de adaptación ao novo espazo, imprescindible polas súas orixinais características. Neste senso, xa se falou co deseñador da exposición para valorar os espazos disponibles. Todas as exposicións recollen materiais anteriores a 1936 (non traballamos con iconografía posterior). Son as seguintes:

1.1. Exposición de caricaturas do autor anteriores a 1936. É unha exposición que se fixo en Lugo no 2008. Reúne 240 caricaturas publicadas na prensa nunha montaxe moi orixinal en paneis de metacrilato con luz interior, que pode mostrarse porque temos vídeo e fotos e catálogo.

1.2. Valle-Inclán “Obra ilustrada”: é unha exposición bibliográfica (todo o ondo de obra editada en vida do autor da USC) que vai acompañada de enormes paneis coas ilustracións e todo o referente ao innovador deseño gráfico da obra de don Ramón, que el mesmo vixiaba meticulosamente e que é, neste senso, un dos innovadores das artes gráficas do primeiro terzo do século XX. Reúne 140 edicións orixinais e 1500 imaxes combinadas en paneis que dialogan cos textos expostos en vitrinas. Tamén teño vídeo da exposición, pero non catálogo, que sería un obxectivo da conmemoración. Esta exposición inaugurouse no 2009 en Santiago e tamén no Museo de Pontevedra, cos fondos do Museo.

1.3. A terceira exposición é interactiva: "Outros verbos, novas lecturas. Valle-Inclán traducido (1906-1936)". Fíxose en xullo do 2014 co patrocinio do Consello da Cultura Galega, e polo tanto, neste caso habería que xestionala, pero existe xa un acordo informal para incorporala as dúas anteriores. A exposición ten catálogo.

A estas exposicións poderíase engadirse unha cuarta de cartelería teatral, que posúe o Museo da Pobra do Caramiñal. Unha primeira conversa co director do Museo, Antonio González Millán, inclina a considerar factible a súa incorporación. O Museo Correría con gastos.

A exposición, inicialmente pensada para a Cidade da Cultura, neste momento está descartada esa ubicación, e terá que ser nun espazo universitario (tal vez Fonseca como en 2009 ou na Igrexa da USC) onde se celebre, pois será a inauguración do 150 aniversario.

*Un ciclo de 4/6 conferencias, que abordarán os temas das exposicións, con especial énfase no deseño gráfico no primeiro terzo do XX e os ilustradores da obra de Valle-Inclán (hai 4 nomes previstos posibles). Unha de esas conferencias sería paree da inauguración.

Por outra parte, pretendemos facer un *catálogo conxunto, formado por 4 libríños exentos, un por sección da exposición, que se chamaría probablemente: "Valle-Inclán: genio e figura". É importante subliñar que esta exposición podería estar un tempo (3 meses, por exemplo) nun espazo fixo e posteriormente rotar pero non necesariamente no seu conxunto se non parcialmente, que é moito mais doado para desprazar e financiar.

**Tanto o catálogo como o ciclo de conferencias hai un compromiso verbal do Secretario Xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, da Xunta de asumir os seus custos. O Concello de Cultura Galega aporta a 3ª exposición sen custos para nos, o Museo da Pobra a 4ª e a USC recuperarías as dúas das que é propietaria xa. Nos custos da montaxe foi responsable no 2009 o Vicerreitorado de Cultura da USC

2. A segunda proposta ten un carácter moi diferente pero unha proxección cidadá importante:

2.1. O director do teatro La Abadía, actor e membro da RAE, José Luis Gómez, fai unha dramatización de *La media noche. Visión estelar de un momento de guerra (1916-1917)*, de Valle-Inclán na que o escritor recrea as súas impresións da Primeira Guerra Mundial. O académico e Director da RAE, Darío Villanueva, encárgase de enmarcala no seu contexto histórico e literario.

Esta actividade formou parte, xunto con outras 9 lecturas, do proxecto «Cómicos de la lengua» posto en marcha en 2014 pola RAE, dirixido o ciclo por **José Luis Gómez**, coa

colaboración do Centro Dramático Nacional (CDN), o Teatro Español, a Compañía Nacional de Teatro Clásico y el Teatro de La Abadía.

O éxito de José Luis Gómez no Ciclo "Ceo de Letras" (Cidade da Cultura) en abril de 2011, é moi elocuente do interese que suscita.

O espectáculo, con música e imaxes, dura 50 minutos.

Datas: temos xa confirmación da actuación entre o 4 e o 20 de novembro, e as datas que se barallan son preferentemente o martes 8 ou o martes 15. Estamos a xestionar o espazo de acordo coas características que esixe a montaxe e temos previstos tres espazos posibles, que Mercedes Rosón xestiona a súa dispoñibilidade e condicións neste momento.

2.2. Proposta a XUNTA POLOS SEUS ALTOS CUSTOS, aínda que relegada cando menos ata 2017. Trátase da estrea dunha obra de teatro inédita de Valle-Inclán (Legado Valle-Inclán Alsina, depositado na USC), para inaugurar o ano valleinclaniano, pero tiven que descartar esta opción pola falta de tempo e medios, aínda que queda en reserva para 2017, tal vez para clausurar o 150 aniversario, se a xestión que estou a levar a cabo cristaliza, finalmente. Como alternativa contéplase a posibilidade de representar *Romance de Lobos*, de Valle-Inclán, pero na versión que o propio escritor deixou preparada para a súa estrea e que non se levou a cabo. O texto neste caso tamén pertence ao Legado Valle-Inclán Alsina.

Asociado a estas iniciativas contemplamos a organización de talleres de teatro, que poderían realizarse en Santiago pero tamén –o sobre todo- en localidades do Salnés con implicación de grupos galegos.

3.-Finalmente: temos un plan editorial moi ambicioso, que inclúe dous proxectos complementarios:

3.1a. Obra completa do escritor (cun contrato cunha **empresa privada** non galega, a que xa lle entregamos 4 vols. e resta o último por entregar). Para presentar en 2017. **Sen custos a USC.**

3.2b. Contrato con Alianza Editorial para editar unha selección de obras do autor, con entrega dos 4 primeiros vols. en agosto 2016. Presentación xaneiro de 2017. **Sen custos a USC.**

3.3. Con implicación directa da **BIBLIOTECA DA CÁTEDRA VALLE-INCLÁN USC**: edicións previstas para 2016:

3.3.1. Inédito: edición facsímil, estudio y edición anotada de Santos Zas: *Cuaderno de Francia*. Non está previsto que supoña novos custos porque estase a pagar con fondos deste ano e cun remanente alleo a Cátedra, que completará os gastos. De todos xeitos dada a factura do libro é posible que sexa necesaria unha axuda (1000 euros) Data prevista de saída do prelo: abril-maio. Presentación: maio 2016. Corrección de segundas probas.

3.3.2. Inédito: en colaboración coa profª Bénédicte Vauthier: Dossier genético de *La*

Media Noche (inclúe o proceso de escritura desta obra, conservado no Legado Valle-Inclán Alsina, depositado na USC): manuscrito, galeradas, texto de prensa e texto impreso. Temos concedidos os dereitos de publicación por parte de Espasa-Calpe. O traballo pode estar entregado en maio de 2016.

PRESENTACIÓN: a partir de outubro de 2016. .

3.3.3. **Letras de estima, Catálogo** das Obras adicadas a Valle-Inclán na biblioteca persoal, Autor: Javier del Valle-Inclán Alsina. En proceso de revisión para a súa entrega. Leva un CD con reproducións de imaxes.

Data prevista de edición: **sin concretar**

3.4. PREVISTOS PARA 2017

3.4.1. **Inédito: Las mujeres de Sálvora:** manuscrito do Legado Valle-Inclán Alsina. Acompañaría a estrea do texto, se se formalizara. E levaría aparellada a exposición do histórico naufraxio do "Santa Isabel".

En preparación. Previsto abril/mayo 2017.

3.4.2. **Edición facsímil de Romance de lobos** con anotacións autógrafas do autor (Legado Valle-Inclán Alsina) en colaboración con César Oliva (Univ. de Murcia). Esta obra está en relación coa estrea de *Romance de Lobos*

Prevista: outubro 2017 (en preparación)

3.4.3. **Monografía: Diana Gambini e Sandra Domínguez: Valle-Inclán e Bragaglia: a estrea en Roma (1934) de Los Cuernos de don Friolera.**

4.4. **Sen custos para a USC**, publicaremos o vol. XV do *Anuario Valle-Inclán: homenaxe a La Lámpara Maravillosa* no seu centenario (sete colaboracións, dúas reseñas e a bibliografía do autor).

4.5. **Sen custos para a USC. Bibliografía do escritor**, comprometida a súa edición desde 2011 coa Fundación Valle-Inclán e consideramos este ano idóneo para a súa publicación.

5. **O último dos nos obxectivos** é poñer en aberto de forma paulatina desde xaneiro de 2017 o Arquivo Dixital Valle-Inclán, que contén todo o fondo documental e bibliográfico do Grupo (80.000 imaxes dixitalizadas), nunha base relacional que preparamos con informáticos da UDC (esta proposta está relacionada con Proxecto de investigación subvencionado que

temos solicitado).

Para cerrar esta longa e e xtraordinaria proposta, debo engadir que a Cátedra non ten sede, malia as numerosas xestións que fixo desde a súa creación. De xeito que o despacho da súa directora é unha sorte de "cuartel general", sen apenas espazo. O caso e que sendo a facultade de Filloxía, como reza o Convenio de creación da Cátedra, o seu espazo natural, vislumbro unha posibilidade que sería unha espléndida alternativa, que quixera expoñer directamente, se fora posible, a Vicerreitora. Ter unha sede propia este ano sería máis necesario que nunca.

5. ANEXOS

5.2. Dossier de prensa

VER ANEXO DIXITALIZADO: prensa e outra documentación

En Santiago a 10 e febreiro de 2016



Asdo: Margarita Santos Zas

Dir. Cátedra Valle-Inclán USC